



### CONCELLOS MONDOÑEDO

#### Anuncio

O 23 de xuño de 2023, ditouse a Resolución de Alcaldía núm. 2023-0240, que literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN ALCALDÍA

#### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E CONDUTORES PARA VEHÍCULO MOTOBOMBA DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO**

*Logo de ver o Convenio Interadministrativo subscrito, o 26 de maio de 2023, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Mondoñedo para realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, destinado, entre outros, a subvencionar o funcionamento dunha brigada efectiva composta de 5 membros a tempo completo por un período de tres meses, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento desta para establecer as relacións operativas e de comunicación co Distrito Forestal ao que pertenza o Concello, así como a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 1 vehículo motobomba (VMB) durante 3 meses con matrícula C-2681-AU.*

*Existe unha urxente necesidade de contar con persoal especializado nestas tarefas dado que este Concello non conta con persoal contratado especializado ao respecto e o único servizo especializado nas comarcas para este tipo de intervencións sitúase nos Parques Comarcais de Bombeiros e nos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios dependentes do Distrito Forestal, que conta coa súa sede en Viveiro, o que supón un retraso na intervención por motivo de desprazamento, dependendo do lugar onde se teña que actuar.*

*Tras ver que según o citado convenio, os contratos deben realizarse no mes de xullo, e a Comisión de seguimento do convenio, por causas debidamente xustificadas, poderá autorizar o adiamento da data de inicio das brigadas e do VMB, como máximo ata o 15 de agosto.*

*Vaise intervir ante situacións de emerxencia, que en moitas ocasións implican unha intervención inmediata, onde o Concello non conta con persoal especializado e onde o esperar polo persoal do Parque Comarcal de Bombeiros ou polo persoal dependente do Distrito Forestal agrava aínda máis a situación, xa que o factor tempo xoga un papel moi importante en determinadas situacións, téndose que minimizar en todo momento o tempo de chegada ao lugar de intervención.*

*O alcalde asinou unha providencia que incoa o expediente de contratación do persoal necesario para a brigada e os condutores do vehículo motobomba, así como unha memoria que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.*

*Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007, do 7 de abril, do Estatuto Básico do emprego público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016.*

*Esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas na lexislación vixente,*

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación dun emprego de xefe de brigada, un emprego de peón condutor, tres empregos de peón para a Brigada de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais e tres empregos de condutor/a de vehículo motobomba mediante contratacións de carácter laboral temporal a tempo completo, contrato temporal por circunstancias da produción, por un período de tres meses, no período comprendido entre o 1 de xullo e o 15 de agosto, salvo modificación pactada entre a consellería e o concello. Visto que según o convenio ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificado na data límite do 15 de novembro de 2023, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo

**máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán, de ser necesario, 6 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.**

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Realizar a convocatoria mediante a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e a publicación das bases na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>):

- **1 Emprego de XEFE DE BRIGADA:** estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico/a en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, Técnico/a en Emerxencias e Protección Civil ou formación profesional equivalente, que ademais conte co permiso de condución tipo B.

- **1 Emprego de PEÓN CONDUTOR:** Contará co permiso de condución tipo B.

- **3 Empregos de PEÓN DE BRIGADA**

- **3 Empregos CONDUTOR VEHÍCULO MOTOBOMBA:** Contarán co permiso de condución tipo C.

Mondoñedo, 23 de xuño de 2023 O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide, A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García

## **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO**

### **PRIMEIRA.— OBXECTO**

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do Convenio Interadministrativo suscrito, o 26 de maio de 2023, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Mondoñedo para realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (anualidade 2023), para a contratación de:

- Un emprego de XEFE DE BRIGADA
- Un emprego de PEÓN CONDUTOR
- Tres empregos de PEÓN DE BRIGADA
- Tres empregos de CONDUTOR/A VEHÍCULO MOTOBOMBA

do Concello de Mondoñedo mediante o sistema de CONCURSO - OPOSICIÓN, por un período de tres meses, (no citado convenio especificase que os contratos deben realizarse no mes de xullo, e a Comisión de seguimento do convenio, por causas debidamente xustificadas, poderá autorizar o adiamento da data de inicio das brigadas e do VMB, como máximo ata o 15 de agosto), salvo modificación pactada entre a consellería e o concello. **Visto que según o convenio ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificando na data límite do 15 de novembro de 2023, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán, de ser necesario, 6 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.**

Os compoñentes da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela traballos en sábados, domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: Os vehículos motobomba (en adiante VMB) e as brigadas forestais integraranse desde o inicio no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, priorizando a actuación dos VMB, respecto doutros traballos segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do Distrito Forestal, conforme ao previsto no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación nestes supostos. A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPIF) realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. A entidade local adherirase ao procedemento operativo do PLADIGA como plan director. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPIF ao responsable da brigada.

O concello designará unha persoa responsable e coordinadora do funcionamento dos VMB, en colaboración e coordinación co despregamento de medios do Distrito Forestal, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertence o concello. Durante a vixencia do convenio os VMB estarán operativos 16 h/día con carácter ordinario, con plena dispoñibilidade, acorde ao horario establecido, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

O concello garantirá a colaboración e a coordinación co despregamento de medios, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinadora do funcionamento da brigada, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal. A persoa responsable da brigada será a interlocutora coa que se relacionará unicamente o persoal dos SPIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e as instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.

- Labores de prevención de xeito manual que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

Dentro destas labores, a brigada realizará traballos de roza manual en viais e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa, mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 11,83 has ou a superficie reflectida no programa de actuación deseñado por este concello e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos tres meses de operatividade da brigada, incluíndo nela os traballos en sábados, domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias. O xefe de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertence este concello.

Os condutores do vehículo motobomba, desempeñarán as funcións establecidas no Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Mondoñedo para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante a actuación de Un Vehículo Motobomba.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

- Xefe brigada: 1.516,67 €/mes
- Peón condutor brigada: 1.341,67 €/mes
- Peón: 1.260,00 €/mes
- Conductor/a vehículo motobomba: 1.260,00 €/mes

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboabase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e/ou á finalización do contrato.

## **SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE**

Ás probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Convenio Interadministrativo suscrito, o 26 de maio de 2023, entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Mondoñedo para realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.
- Demais disposicións aplicables.

### TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión das seguintes titulacións , ou en disposición de obtelas, na data en que remate o prazo de presentación de instancias:
  - **XEFE DE BRIGADA:** Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico/a en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, Técnico/a en Emerxencias e Protección Civil ou formación profesional equivalente, así como permiso de condución tipo B e Celga 3 ou equivalente homologado.
  - **PEÓN CONDUTOR:** Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado, así como permiso de condución tipo B e Celga 2 ou equivalente homologado.
  - **PEÓN DE BRIGADA:** Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado e Celga 2 ou equivalente homologado.
  - **CONDUTOR/A DE VEHÍCULO MOTOBOMBA:** Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado, así como permiso de condución tipo C e Celga 2 ou equivalente homologado.
- f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

### CUARTA.— SOLICITUDES

- 1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- 2.— O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles que comezarán a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e publicaranse as presentes bases na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>)
- 3.— As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- Fotocopia do permiso de conducir, no caso de xefe de brigada, peón condutor e condutor/a de vehículo motobomba.
- Fotocopia compulsada do Celga 3 (xefe de brigada) ou Celga 2 (peón condutor, peón de brigada e condutor/a de vehículo motobomba).
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

## QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación, de ser o caso, do motivo de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, e as probas da fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

2.- Durante dous (2) días hábiles seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

## SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN** (a puntuación máxima para o concurso-oposición será de 20 puntos).

**En tódolos procesos, primeiro realizarase a fase de oposición e posteriormente a fase de concurso.**

### FASE DE CONCURSO:

#### 1.- XEFE DE BRIGADA

FASE DE CONCURSO (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos): que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

**1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:** Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

- a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

## **2.- CURSOS OU OUTRA FORMACIÓN:**

A **puntuación máxima** para o apartado de **formación** é de **3,50 puntos**.

Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computaralos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A **puntuación máxima** para o subapartado de **cursos ou outra formación** é de **3,50 puntos**.

## **3.- POR DISPOR DOS PERMISOS DE CONDUCIR TIPO C ou C1:**

- 0,50 pto por posuír o C1
- 1 pto por posuír o C

A **puntuación máxima** para o apartado de **outros permisos de conducir** é de **1 punto**.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

## **2.- PEÓN CONDUTOR**

**FASE DE CONCURSO** (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos): que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

**1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:** Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.

b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

c) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

d) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

## **2.- CURSOS OU OUTRA FORMACIÓN:**

A **puntuación máxima** para o apartado de **formación** é de **3,50 puntos**.

Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A **puntuación máxima** para o subapartado de **cursos ou outra formación** é de **3,50 puntos**.

## **3.- ANTIGÜIDADE NO PERMISO DE CONDUCIR TIPO B:**

- 0,05 pto por ano de antigüidade.

A efectos do cómputo de antigüidade, computaranse desde a data de expedición do permiso de condución B ata o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Non se computarán as fraccións inferiores a un ano.

A **puntuación máxima** para o apartado de **antigüidade no permiso de conducir tipo B** é de **1 punto**.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

### **3.- PEÓN DE BRIGADA**

**FASE DE CONCURSO** (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos): que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

**1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:** Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

- a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:
  - e) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - f) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **4,00 puntos**.

### **2.- CURSOS OU OUTRA FORMACIÓN:**

A **puntuación máxima** para o apartado de **formación** é de **4,00 puntos**.

Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarse o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A **puntuación máxima** para o subapartado de **cursos ou outra formación** é de **4,00 puntos**.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.



#### **4.- CONDUCTOR/A DE VEHÍCULO MOTOBOMBA**

**FASE DE CONCURSO** (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos): que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

**1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:** Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

- a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- g) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- h) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

#### **2.- CURSOS OU OUTRA FORMACIÓN:**

*A puntuación máxima para o apartado de formación é de 3,50 puntos.*

Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

*A puntuación máxima para o subapartado de cursos ou outra formación é de 3,50 puntos.*

#### **3.- ANTIGÜIDADE NO PERMISO DE CONDUCIR TIPO C:**

- 0,05 pto por ano de antigüidade.

A efectos do cómputo de antigüidade, computaranse desde a data de expedición do permiso de condución C ata o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Non se computarán as fraccións inferiores a un ano.

A puntuación máxima para o apartado de **antigüidade no permiso de conducir tipo C** é de **1 punto**.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

#### **FASE DE OPOSICIÓN:**

**FASE DE OPOSICIÓN PARA OS 5 MEMBROS DA BRIGADA (COMÚN A TODOS OS EMPREGOS e a puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos):** Consistirá na realización das seguintes probas: a Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas e/ou teórico prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto ao que se opta.

Aqueles persoas que se presenten ao posto de xefe de brigada, a maiores da proba común para todos os empregos, pode realizarselle unha ou máis probas prácticas e/ou teórico prácticas relacionadas directamente co posto de xefe de brigada.

**FASE DE OPOSICIÓN PARA OS 3 CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA e a puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos):** Consistirá na realización das seguintes probas: a Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas e/ou teórico prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto ao que se opta.

En todos os casos, cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar este exercicio provistos do DNI ou documento acreditativo fidedigno da súa personalidade a xuízo do tribunal.

#### **PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado Celga establecido na base terceira, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado Celga 3 (xefe de brigada) e Celga 2 (peón condutor, peón de brigada e condutor/a de vehículo motobomba), equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

#### **RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO**

**O persoal seleccionado , previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo,** para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e Concello de Mondoñedo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuacións de brigadas de prevención e defensa, e vehículo motobomba. **É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico. De non superar estas probas os candidatos/as non poderán ser contratados/as.**

Posteriormente, **terase que realizar un curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais,** que é obrigatorio realizar cada ano.

#### **OITAVA.— PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de **empate**, para o posto de **xefe de brigada**, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de cursos ou outra formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase a favor do candidato que

teña permiso de conducir tipo C ou C1. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

En caso de **empate**, para o posto de **peón condutor**, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de cursos ou outra formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de antigüidade no permiso de conducir tipo B. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

En caso de **empate**, para os postos de **peón de brigada**, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de cursos ou outra formación. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

En caso de **empate**, para o posto de **condutor de vehículo motobomba**, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de cursos ou outra formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de antigüidade no permiso de conducir tipo C. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal aprobará e propoñerá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

**Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinale ou renuncien ao emprego ou non superen o recoñecemento médico e a proba de aptitude física oportuna incluída no devandito recoñecemento.**

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

#### **NOVENA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS**

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- e) Acreditación da conta bancaria titularidade do candidato/a.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

#### **DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

**DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.<sup>a</sup>.....,  
 con DNI....., nado/-a .....(data nacemento), veciño/-a  
 de....., con enderezo en.....  
 ....., Código Postal.....,  
 teléfono..... e enderezo electrónico.....

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego....., de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 23 de xuño de 2023.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Orde de preferencia no caso de ser seleccionado/a para varios empregos:

- 1º.- .....
- 2º.- .....
- 3º.- .....
- 4º.- .....

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2023  
 (sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

Mondoñedo, 23 de xuño de 2023.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1956

## MONTERROSO

### *Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DE PERSOAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL NOS SEGUINTE POSTOS DE TRABALLO:

- **CENTRO DE DÍA.**- Auxiliar cociñeiro/a, auxiliares de enfermería, e conductor-axudante.

**ESCOLA INFANTIL.**- Auxiliar cociñeiro/a, técnico/a de educación infantil, e mestre/a de educación infantil

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 28 de xuño de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2043

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía do 26 de xuño de 2023 aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación para a formación de unha brigada de prevención e defensa contra incendios así como tres traballadores para actuacións de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

-1 xefe de brigada

-1 peón-conductor

-3 peóns de brigada

-3 conductores de motobomba

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web [www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 26 de xuño de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2013

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Delegar as facultades de impulso e supervisión conferidas á Alcaldía nas materias que se relacionan a continuación, nos seguintes concelleiros:

Cultura e Turismo: María Begoña Seco Varela

Medio Ambiente: José Yebra Amorín.

Deportes: Pilar Méndez Lombao.

Mantenemento de vías públicas: Jesús Fernández García.

Educación infantil, conciliación familiar e Escola Infantil Municipal (EIM): Tania Díaz Seijas.

Servicios Sociais e Igualdade: María José Martínez Vigo.

Forestal e Montes: Fermín López González.

Novas tecnoloxías e promoción económica: Luis Alfonso Trigo Fernández.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 19 de xuño de 2023.-O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2014

---

### *Anuncio*

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Delegar, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da Alcaldía:

- A disposición de créditos orzamentarios, salvo os de persoal, por contía superior aos 4000 euros, así como a concesión de axudas e subvencións nos termos fixados nas bases de execución do orzamento.
- A aprobación dos expedientes de contratación, licitación, perfección e extinción de contratacións e concesións de toda clase de contía superior a catro mil euros.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.
- A adquisición e enaxenación de bens e dereitos que non sexan de competencia do Pleno da Corporación e sempre que o valor da operación exceda de 4000 euros.
- O outorgamento de autorizacións e licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- A declaración, outorgamento e revocación da condición de beneficiario dos servizos sociais do concello.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 19 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2015

---

### *Anuncio*

DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODES DAS SESIÓNS

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23, da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Nomear como membros integrantes da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros, na súa calidade de Tenentes de Alcalde, sendo o seu Presidente, quen ostenta a alcaldía:

Dona Begoña Seco Varela (1º Tenente de alcalde)

Dona María José Martínez Vigo (2º Tenente de alcalde) Don Fermín López González (3º Tenente de alcalde) Don José Yebra Amorín (4º Tenente de alcalde)

A periodicidade das sesións de Xunta de Goberno Local será os xoves ás 14:00h. no caso de que coincida o último xoves de mes par con sesión plenaria, celebrarase media hora antes da sesión plenaria.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 19 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2016

---

### *Anuncio*

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, designo aos seguintes Tenentes de Alcalde:

Primeiro Tenente de Alcalde: Dona Begoña Seco Varela. Segundo Tenente de Alcalde: Dona María José Martínez Vigo. Terceiro Tenente de Alcalde: Don Fermín López González. Cuarto Tenente de Alcalde: José Yebra Amorín.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 19 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.  
R. 2017

## O PÁRAMO

### Anuncio

#### **FORMALIZACIÓN CONTRATOS LABORAIS INDEFINIDOS**

Vista a oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021, publicadas no BOP de Lugo n.º 119 de 26/05/2022.

A correspondente oferta era para a estabilización de emprego temporal aoabeiro do establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en relación coa disposición transitoria cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, conforme ao que establece o apartado B) da citada oferta de emprego público.

Rematados os procedementos de selección por concurso, e de conformidade coas bases, o tribunal fixo públicas as relacións definitivas das puntuacións finais obtidas polos aspirantes, pola orde de puntuacións obtidas e propuxo a contratación como persoal laboral indefinido dos candidatos con maior puntuación, elevando as correspondentes relacións ao Sr. Alcalde.

A relación de aprobados publicouse no BOP de Lugo nº 102, do 5 de maio de 2023, no taboleiro de anuncios do concello e taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Os candidatos propostos, de conformidade coas bases, achegaron a documentación esixida nas bases no prazo establecido.

A base duodécima das reguladoras de cada procedemento establece que unha vez presentada a documentación polos interesados, o Alcalde ditará resolución acordando a formalización do contrato laboral indefinido a favor dos candidatos propostos e o contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do seguinte da publicación desta resolución.

O Alcalde, polas resolucións das datas que se indican, acordou formalizar os contratos laborais indefinidos cos candidatos/as que se relacionan, e que ocuparán os postos que se indican:

- Por Resolución da alcaldía do 26 de maio de 2023 acórdase formalizar a contratación a favor de:

#### **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUN POSTO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**

##### **NOME E APELIDOS**

##### **D.N.I**

María Cruz Rodríguez Vázquez

\*\*\*3685\*\*

#### **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUN POSTO DE LIMPIADOR-A DEPENDENCIAS MUNICIPAIS:**

##### **NOME E APELIDOS**

##### **D.N.I**

Elena González Jove

\*\*\*4246\*\*

#### **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN POR CONCURSO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 6 POSTOS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR :**

##### **NOME E APELIDOS**

##### **D.N.I**

Nuria Olmo López

\*\*\*6730\*\*

Pacita Mon Blanco

\*\*\*0501\*\*

María Carmen Liz Vázquez

\*\*\*3324\*\*

Yolanda Neira García

\*\*\*7795\*\*

María Carmen Zolle Díaz

\*\*\*0436\*\*

María Rodríguez Vázquez

\*\*\*4039\*\*

O que se fai público, en cumprimento das bases da convocataria, indicando que os contratos laborais indefinidos se formalizarán no prazo máximo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.



O Páramo, 26 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 2018

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### Anuncio

En relación co acordo acadado polo Pleno desta Corporación na súa sesión celebrada o día 17 de xuño de 2023, en relación á **DECLARACIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que coa data que se reflicte, foron recibidas as declaracións efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as que a continuación se enumeran.-

Estas declaracións foron inscritas no rexistro de intereses do concello cos seguintes números de entrada:

CANDIDATO A CONCELLEIRO/A ELECTO	CANDIDATURA	PATRIMONIO INCOMPATIBILIDADE rexistro/data
ROBERTO FERNÁNDEZ RICO	PS de G - PSOE	002 de 13.06.2023
ALBERTO FERREIRO FERREIRO	PS de G - PSOE	008 de 14.06.2023
MARÍA ENCARNACIÓN ÁLVAREZ MÉNDEZ	PS de G - PSOE	006 de 14.06.2023
ANTONIO GÓMEZ GÓMEZ	PS de G - PSOE	012 de 17.06.2023
MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	PS de G - PSOE	013 de 17.06.2023
CASIMIRO FERNÁNDEZ CANCIO	PS de G - PSOE	010 de 14.06.2023
JOSÉ OSORIO FERNÁNDEZ	P.P.	014 de 17.06.2023

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.-

Ribeira de Piquín, 23 de xuño de 2023.-Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2019

### Anuncio

Ós efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022, formada pola contaxeral do Concello e a da Fundación municipal "TerrEo", co informe da Comisión Especial de Contas, por **prazo de quince (15) días**, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

Ribeira de Piquín, 23 de xuño de 2023.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2020

## SAMOS

### Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime local, faise público que por resolución de Alcaldía de data 28/06/2023 aprobáronse as **"BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS DURANTE DOUS MESES, UN A XORNADA COMPLETA E OUTRO A XORNADA PARCIAL AO ABEIRO DO PROGRAMA "REFORZO DO EMPREGO" (PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023, DA DEPUTACIÓN DE LUGO)**. e ábrese un período de presentación de instancias de cinco (5) días naturais a contar dende o seguinte da publicación do presente Anuncio no B.O.P. de Lugo.

O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse no taboleiro de anuncios físico do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica no enlace [concellosamos.sedelectronica.gal](http://concellosamos.sedelectronica.gal).

Samos, 28 de xuño de 2023.- O Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2044

### Anuncio

**Expediente nº:** 233/2023

**Procedemento:** Contratación en réxime laboral temporal de un informador turístico durante dous meses a xornada completa ó abeiro do Programa de Reforzo do Emprego 2023

**Asunto:** Aprobación de bases e convocatoria

#### DECRETO DE ALCALDÍA

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 aprobou as Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, as cales foron publicadas no BOP de Lugo nº 006 o día 09/01/2023, correspondendo a este concello unha asignación de 284.719,95€..

Visto que o día 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou participar no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade.

Visto que segundo a base 11ª das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, poderán ser incluídos, con cargo ao Plan único 2023, contratacións feitas dende o 01 de xaneiro de 2023.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención que obran no expediente.

Vistos os antecedentes expostos e as Bases da convocatoria, de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aprobar as BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DURANTE TRES MESES, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN/UNHA TRABALLADOR/A DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO, as cales se xuntan ó presente.

**SEGUNDO.** Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas

**TERCEIRO.** Ordenar a publicación da convocatoria e das bases íntegras no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios do Concello e da súa sede electrónica e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa publicación.

**CUARTO.** Dar conta ao Pleno da Corporación de conformidade co establecido no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Así o resolve e asina o Sra. alcaldesa, ante mín, a secretaria.

Samos, 28 de xuño de 2023.- O alcaldesa, María Jesús López López. A secretaria, Luísa Fernández Pérez.

**“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DURANTE TRES MESES, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN/UNHA TRABALLADOR/A DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

#### 1.- NORMAS XERAIS.

##### 1.1.- Obxecto da convocatoria.

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de un/unha (1) informador/a turístico/a para ser contratado/a como persoal laboral temporal a xornada completa *ao abeiro do “Programa de Reforzo do Emprego” que se incardina dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de 09/01/2023).*

As contratacións se financian coa achega económica da Excm. Deputación Provincial de Lugo en importe de 7.556,15€ equivalente aos custes salariais totais dos traballadores que se contraten, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

O Concello de Samos segundo se sinala no artigo 25.2.h. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

A afluencia turística dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro nos municipios turísticos fai necesaria a contratación de persoal nas oficinas dos ditos municipios para o mantemento da calidade no servizo de información turística que se presta, de xeito que se potencie a imaxe non só destes senón da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu conxunto, no exterior.

### **1.2.-Normas de aplicación:**

A presente contratación laboral rexeráse:

- Polo artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo rexeráse polo establecido no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de data 09/01/2023).

### **1.3.- O sistema de selección dos aspirantes será o concurso-oposición.**

#### **1.4.- Publicidade do proceso.**

A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace [concellosamos.sedelectronica.gal](http://concellosamos.sedelectronica.gal)). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo xunto coa convocatoria para que sexan publicadas na súa páxina web institucional de conformidade co disposto na base 11ª.2 das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

## **2.-TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO**

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (3 meses) na modalidade de eventual polas circunstancias da produción determinado previsto no artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

## **3.- FUNCÍONS.**

O obxecto do contrato laboral temporal que se celebre a resultas deste proceso de selección estará integrado polas funcións de información turística de xeito que se potencie a imaxe non só do Concello de Samos senón da Comunidade Autónoma de Galicia no seu conxunto no exterior.

## **4.- CUSTES SALARIAIS.**

A retribución bruta mensual que percibirá será de 1.859,21€ distribuídos nos seguintes conceptos salariais: salario base e parte proporcional de pagas extras.

## 5.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos ao presente procedemento, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos sempre á data de remate de presentación de solicitudes e deberanse manter ao longo de todo o proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.
- b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecendo enfermidade nin estar afectado por eiva física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incuso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgún dos seguintes títulos: técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado, ou ben contar coa habilitación de guía de turismo, ou certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (HOTI0108). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia (**requisito non excluínte**).

No caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar a través dun exame de galego nos termos que se sinalan na base 7.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello. (clausula 11ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023).

Será nulo o nomeamento dos que estean incusos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

## 5.- TRAMITACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

5.1.-O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A data da súa publicación será a que serva para computar o prazo para a presentación de solicitudes. Todo iso, sen prexuízo de que as bases íntegras se publiquen no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, no enlace [concellosamos.sedelectronica.gal](https://concellosamos.sedelectronica.gal), e no taboleiro de anuncios físico do concello.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse polos devanditos medios.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura como anexo á presente convocatoria, dirixido ó Sr. Alcalde, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) **ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.**

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia selada na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

5.2.- Á solicitude de participación (Anexo I) debidamente cumprimentada unirase inescusablemente:

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou do documento identificativo.
- b) Fotocopia cotexada de tódolos documentos xustificativos consonte ao sinalado nas presentes Bases, dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- c) Fotocopia compulsada do título acreditativo de estudos ou Certificado correspondente espostos no epígrafe 4f) das presentes bases.
- d) Fotocopia compulsada da acreditación do Celga 4 ou equivalente.
- e) Tarxeta de demandante de emprego e vida laboral actualizada.
- f) No seu caso, Certificación da condición de discapacidade e a súa compatibilidade para as tarefas do posto convocado.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fóra do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo. Tampouco será posible a emenda dos méritos que se aporten para a fase de concurso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un (1) mes, declarando aprobada a **listaprovisoria de admitidos e excluídos**, indicando a causa de exclusión, e neste último caso, abríndose un prazo de **2 días hábiles para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión**. Este prazo de emenda de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ó da publicación da resolución do alcalde nos taboleiros de anuncios desta entidade local. Rematado o prazo de emenda, ditarase resolución pola que se aprobe a lista definitiva admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, así como a data e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución do Alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á publicación nos taboleiros de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

## 6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

### 6.1 Composición:

Constituirase un órgano de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e nos artigos 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Na designación dos seus membros se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

Os membros do Tribunal así como os asesores especialistas que se incorporen terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

## 6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal disporá de tres días hábiles para elevar a súa Proposta á Alcaldía-Presidencia que ditará Resolución no prazo máximo de tres días hábiles. En ningún caso os aspirantes propostos poderán exceder do número de prazas convocadas.

A citada proposta dos candidatos/as seleccionados/as vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte á lexislación vixente. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal:

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do/a Presidente e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan. Na mesma resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos i excluídos se sinalará a data e hora na que se constituirá o Tribunal cualificador.

## 6.4.- Abstención e Recusación:

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## 7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o **concurso-oposición**, realizándose en primeiro lugar a fase de concurso de méritos e posteriormente a de oposición. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

No Decreto de Alcaldía no que se declare aprobada a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, designarase aos membros do Tribunal así como a data na que se constituirá e a hora e lugar para a realización dos exercicios da fase de oposición.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento oficial fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados nun único chamamento, sendo excluídos do proceso os que non compareceran na fase de oposición.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos/as aspirantes nas fases de concurso e oposición. No suposto de empate na puntuación final entre dous o máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta na fase de oposición, de persistir o empate, pola puntuación máis alta na fase de concurso e, se iso non fora suficiente, mediante sorteo público.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos ante posibles renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, na citada Proposta sinalaranse igualmente os aspirantes que tendo superado todas as probas, non resultaran seleccionados nos termos expostos co fin de contratar outro traballador que cumpra os requisitos polo tempo que reste ata cumprir o período subvencionado.

### A) FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS:

**A puntuación máxima a acadar por este apartado será de 4 puntos.** Só se terán en consideración aqueles que figuren suficientemente acreditados consonte ao sinalado nas presentes Bases. A valoración farase de conformidade cos seguintes criterios:

#### A.1) Por experiencia previa nas funcións do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, cun máximo de 1,50 puntos.

a) Por ter desempeñado na Administración Pública as mesmas funcións do posto de traballo ao que aspira: 0'30 puntos/mes; acreditarase mediante vida laboral actualizada e Certificado de Administración Pública ou copia compulsada do/s contrato/s.

b) Por ter desempeñado na empresa privada as mesmas funcións do posto de traballo ao que aspira: 0'25 puntos/mes; acreditarase mediante vida laboral actualizada e Certificado de Empresa ou copia compulsada do/s contrato/s.

**A.2) Formación previa:** Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios.

Deberán acreditarse co Diploma ou Certificado de superación dos mesmos. Os cursos que, a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto de traballo ao que aspira, non serán puntuados. Non se valorarán os cursos que non especifiquen número de horas.

Valorarase ata un **máximo de 1,50 punto:**

Con duración de 10 ata 40 horas..... 0'25 puntos cada un.

Con duración de 41 ata 75 horas..... 0'50 puntos cada un.

Con duración de 76 ata 100 horas.....0'75 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas .....1,00 puntos.

**A.3) Coñecemento de idiomas:**

Acreditándose con certificación de centros de ensino oficiais ou homologados, e tendo en conta o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas. No caso de ser a titulación expedida por unha entidade estranxeira deberase achegar tradución oficial en lingua castelá ou galega.

Valorarase ata un **máximo de 1,00 punto:**

Nivel B1 ou equivalente: 0,50 puntos por idioma.

Nivel B2 ou equivalente: 0,75 puntos por idioma.

Nivel C1 ou equivalente: 1,00 puntos por idioma.

No suposto de acreditar dous ou máis niveles do mesmo idioma, soamente puntuará o máis alto.

**B) FASE DE OPOSICIÓN.**

**Puntuación máxima de 10 puntos. Consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio.**

**EXERCICIO (TEÓRICO):** Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas baseadas no temario que figura como Anexo II, durante un período de 30 minutos, determinado previamente polo Tribunal. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos. As sinaladas incorrectas ou non contestadas non penalizarán.

**Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5 puntos.**

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha/s das pregunta/as incluídas no exercicio teórico, anunciarao publicamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica e físico do Concello .

**C) PROBA DE GALEGO: Común e obligatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.**

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos, e será calificada como APTO ou NON APTO, **quedando eliminados os aspirantes que non obteñan a condición de APTO.**

Contra os acordos do Tribunal poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

**8.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

Os/as candidatos/as propostos/as deberán achegar no prazo de 3 días naturais, a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do estranxeiro cidadán dun Estado membro da UE.

2) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3) Declaración xurada de non encontrarse incusa en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

4) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.

5) Número de conta bancaria (IBAN).

6) Certificado ou Informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

## **9. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.**

1.- Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral conforme á lexislación vixente.

2.- Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Texto Refundido da Lei do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

## **10. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación no B.O.P. do anuncio da convocatoria. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación no B.O.P. do anuncio da convocatoria.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Samos, á 28 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, María Jesús López López.



**ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA.**

D/a.....  
provisto de D.N.I. nº.....con enderezo na R/.....  
.....nº..... piso..... C. Postal.....  
Localidade.....Municipio.....Provincia.....  
Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Samos para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa durante tres meses, de un/unha (1) informador/a turístico/a ao abeiro “programa de reforzo do emprego” dentro do plan provincial único de cooperación cos concellos 2023 da deputación de Lugo.

**DECLARO:**

**PRIMEIRO.-** Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

**SEGUNDO.-** Que non estou afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

- no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

**TERCEIRO.-** Que autorizo ao Concello de Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios físico do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, no enlace [concellosamos.sedelectronica.gal](http://concellosamos.sedelectronica.gal), ou calquera outro medio que se estime, aos ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**SOLICITO:**

Ser admitido a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a seguinte documentación (MARCAR O QUE PROCEDA):

- Fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou do documento identificativo.
- Fotocopia cotexada de tódolos documentos xustificativos consonte ao sinalado nas presentes Bases, dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- Fotocopia cotexada do título acreditativo de estudos.
- Fotocopia cotexada da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.
- Tarxeta de demandante de emprego e vida laboral actualizada.
- No seu caso, Certificación da condición de discapacidade e a súa compatibilidade para as tarefas do posto convocado.

En Samos, a .....de.....de 2023.

Asdo.-

**ANEXO II: TEMARIO**

- 1.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- 2.- Parroquias, vías de comunicación, aloxamentos e albergues do Concello de Samos.
- 3.- Recursos turísticos no Concello de Samos: gastronómicos, rutas turísticas, patrimonio natural, patrimonio artístico, festas e feiras.
- 4.- Concellos declarados de interese turístico en Galicia e festas de interese turístico de Galicia.
- 5.- Parques naturais, monumentos, restos arqueolóxicos, cascos históricos, mais representativos de Galicia. Monumentos galegos declarados Patrimonio da Humanidade.

**SR. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SAMOS.”**

R. 2045

**TRABADA***Anuncio***FORMALIZACIÓN CONTRATOS DE PERSOAL LABORAL FIXO**

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 264/2023 de data 23 de xuño de 2023, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Dona Elvira MartínezSanjurjo con DNI número \*\*\*0313\*\*, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Grupo V, da Escala de Administración Especial, incluída na oferta extraordinaria de estabilización de emprego público derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 243/2023 de data 13 de xuño de 2023, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Dona María ÁngelesRey Barrera con DNI número \*\*\*9748\*\*, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Grupo V, da Escala de Administración Especial, incluída na oferta extraordinaria de estabilización de emprego público derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 243/2023 de data 13 de xuño de 2023, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Dona María Teresa Fernández Fernández con DNI número \*\*\*9818\*\*, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Grupo V, da Escala de Administración Especial, incluída na oferta extraordinaria de estabilización de emprego público derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 243/2023 de data 13 de xuño de 2023, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Dona Natalia López Rodríguez con DNI número \*\*\*3848\*\*, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Grupo V, da Escala de Administración Especial, incluída na oferta extraordinaria de estabilización de emprego público derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 264/2023 de data 23 de xuño de 2023, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Dona RocíoVillarino Mencía con DNI número \*\*\*9611\*\*, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Grupo V, da Escala de Administración Especial, incluída na oferta extraordinaria de estabilización de emprego público derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 263/2023 de data 23 de xuño de 2023, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Dona Raquel AlonsoAlonso con DNI número \*\*\*0915\*\*, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Limpador do Grupo V, da Escala de Administración Xeral, incluída na oferta extraordinaria de estabilización de emprego público derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O que se fai público ós efectos oportunos.

Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa en data 27 de xuño de 2023, Maira García Bermúdez.

R. 2030